



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Coto Arriería e A Cañería, Os Penedos, Estivada da Ponte e
Coto da Ponte

COMUNIDAD PROPIETARIA

BARRIO

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Toiriz

VILA DE CRUCES

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luís Díez Yáñez,
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCAIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Ind. Forestais).
D. Luis M^º Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).

SECRETARIA

D^ª. M^ª José León Gómez,
(Xefa do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día 10 de maio do 2000, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, e escusando a súa asistencia o vocal D. Serafin Quinteiro Blanco (Avogado polo Colexio da provincia), e non asistindo pese a ter sido oportunamente notificados os vocais representantes do lugar de Barrio da parroquia de Toiriz do concello de Vila de Cruces D. Abel Pulleiro Gómez e outro, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a Clasificación dos montes "Coto Arieira e outros" do lugar de Barrio da parroquia de Toiriz do concello de Vila de Cruces.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Presidente da Comunidade de Montes do lugar de Barrio da parroquia de Toiriz do concello de Vila de Cruces, solicitouse en data 04/02/97, a clasificación como veciñais en man común dos montes Coto Arieira e A Caneira, Os Penedos, Estibada da Ponte e Coto da Ponte.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais, na súa reunión de data 03/11/97, acordou iniciar os trámites para a

clasificación dos referidos montes, así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da entonces Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes de Pontevedra, para o seu estudo e informe.

TERCEIRO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, nin no trámite de audiencia –exposición pública no concello e publicación no DOG- nin ó longo da tramitación do expediente, formulouse oposición á clasificación instada nin por parte do concello nin de particulares. Así mesmo, segundo certificación rexistral obrante no expediente, as referidas parcelas non figuran inscritas en dominio nin posesión a nome de persona algunha.

CUARTO.- Os Montes “Coto Arieira e A Caneira”, “Os Penedos”, “Estibada da Ponte” e “Coto da Ponte”, obxecto do presente expediente de clasificación, obedecen á seguinte descrición segundo a solicitude presentada:

CONCELLO: Vila de Cruces.

PARROQUIA: Toiriz.

LUGAR: Barrio.

NOME DO MONTE: Coto Arieira e A Caneira.

CABIDA: 9,60 has.

LINDES

NORTE: Fincas particulares.

SUR: Camino.

LESTE: Fincas particulares.

OESTE: Idem.

NOME DO MONTE: Os Penedos.

CABIDA: 5,10 has.

LINDES

NORTE: Río Arnego.

SUR: Río Arnego.

LESTE: Río Arnego.

OESTE: Varios propietarios.

NOME DO MONTE: Estibada da Ponte.

CABIDA: 3,40 has.

LINDES

NORTE: Estrada.

SUR: Varios propietarios.

LESTE: Varios propietarios.

OESTE: Varios propietarios.

NOME DO MONTE: Coto da Ponte.

CABIDA: 10,60 has.

LINDES

NORTE: Varios propietarios.

SUR: Camiño ó río.

LESTE: Concello de Agolada.

OESTE: Río Arnego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Trátase en realidade de catro parcelas perfectamente delimitadas por camiños, muros, ríos ou sinais, e identificables na súa totalidade na croquización e no monte, considerándose abondosa a planimetría aportada para identificar os montes sobre o terreo.

2.- O aproveitamento e disfrute das catro parcelas corresponde desde tempo inmemorial ós veciños do lugar de Barrio, sen asignación de cotas.

3.- En consideración ó exposto, e de conformidade co sinalado polo artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñal en man común "...os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

En consecuencia, vistos os preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

Clasificar como veciñal en man común os montes "Coto Arieira e A Caneira", "Os Penedos", "Estibada da Ponte" e "Coto da Ponte" a favor dos veciños do lugar de Barrio da parroquia de Toiriz do concello de Vila de Cruces por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais e que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa seguinte descripción:

NOME DO MONTE: Coto Arrieira e A Caneira.

CABIDA aprox.: 9 Has.

LINDES:

NORTE: Camiño veciñal de Barrio a Fornelos.

Dario Castro García con D.N.I. 35.186.029.

Camiño veciñal de A Caneira a Cruz do Coto.

Dolores Pampín Navaza ou fillo Raúl Rivadulla Pampín.

Herdeiros de Manuel García.

SUR: Camiño veciñal de Barrio a Fornelos.

Dario Castro García con D.N.I. 35.186.029.

Herdeiros de Francisco Sesto Saa (filla) María Sesto Castro e outros.

LESTE: Guillermo Vilar Saa con D.N.I. 35.208.419.

Herdeiros de Manuel García.

Guillermo Vilar Saa con D.N.I. 35.208.419 (ata o camiño de Barrio a Fornelos).

OESTE: Celso Blanco Sesto.

Benigno Sánchez Méndez con D.N.I. 35.170.846.

Guillermo Vilar Saa con D.N.I. 35.208.419.

Lourdes Navaza Mosteiro.

NOME DO MONTE: Os Penedos.

CABIDA aprox.: 5 Has.

LINDES:

NORTE: Río Arnego.

SUR: Río Arnego.

LESTE: Río Arnego.

OESTE: Lindeiros dende o río Arnego ó norte seguindo ata o sur.

Julio Pampín Navaza con D.N.I. 76.792.325.

María Luz Blanco Pampín.

Manuel Montoto.

Jaime Sesto Sobrado con D.N.I. 76.792.133.

Esther Navaza Pampín con D.N.I. 179.316.

Guillermo Vilar Saa con D.N.I. 35.208.419.

Isolino Saa Abonjo con D.N.I. 52.483.772.

NOME DO MONTE: Estibada da Ponte.

CABIDA aprox.: 3 Has.

LINDES:

NORTE: Estrada comarcal de Vila de Cruces-Agolada.

SUR: Carmen Navaza Campos con D.N.I. 76.781.235.

Juan Blanco Pampín.

Raúl Rivadulla Pampín.

Martina Navaza Mosteiro.

Eulogio Blanco Navaza con D.N.I. 35.208.138.

Andrea Gómez Montefusco con D.N.I. 76.800.550.

LESTE: Olga Cajide Méndez con D.N.I. 78.810.478.
Magdalena Navaza Mosteiro.
Herdeiros de José Fernández.
Ramón Sobrino Pampín.
Herdeiros de José Fernández lindando coa estrada de Cruces a Brántega.

OESTE: Isolino Saa Abonjo con D.N.I. 52.483.772.
Herdeiros de Cesáreo Cajide Alonso (filla) Olga Cajide Méndez con D.N.I. 76.710.478.
Herdeiros de Manuel García (filla) Luz García Navaza.
Armindo Saa Abonjo con D.N.I. 35.170.301.
Isabel Castro Navaza.
Raúl Rivadulla Pampín.

NOME DO MONTE: Coto da Ponte.

CABIDA aprox.: 10 Has.

LINDES:


NORTE: Julio Navaza Pampín con D.N.I. 35.173.070.
Sergio Mosteiro Mosteiro.
Julio Navaza Pampín con D.N.I. 35.173.070.
Dámaso Couso Rielo.
Esther Vázquez.
Río Arnego.

SUR: Camiño Veciñal ó río Arnego.

LESTE: Concello de Agolada.

OESTE: Río Arnego.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa.



Handwritten signatures and stamps at the bottom of the document. The central signature is the most prominent, appearing to be 'A. M. Quintas'. To its right is a vertical stamp or signature. To its left is another large, stylized signature.

